

VÍCTOR CAMPIO

«O AIRE, A LUZ E O CANTO»

O LIBRO DUNHA VIDA

Do coñecemento parcial da obra poética deste octoxenario escritor ourensán ao que se nos ofrece nesta «poesía reunida» media un universo. Descóbrese, mercé esta edición, a presenza dun poeta dono dunha intensidade singular e dunha emoción poética con escaso parangón hoxe en día. Non é, loxicamente, o libro do ano porque este é o libro dunha vida. O luminoso prólogo de Manuel Outeiriño e un coidado epílogo de Xesús Alonso Montero sitúannos nas coordenadas para apprehender esta voz.



Campio reúne a súa poesía nun libro